

TEMA 2.—A Coroa. As atribucións do Rei. A Sucesión

TEMA 3.—O Poder Lexislativo. Composición, atribucións e funcionamento das Cortes Xerais.

TEMA 4.—O Poder Executivo. Presidente do Goberno. Os ministros e o Consello de Ministros.

TEMA 5.—O Poder Xudicial. Organización xudicial. Os Xulgados de Paz.

TEMA 6.—Organización territorial do Estado.

TEMA 7.—As Comunidades Autónomas. Constitución e competencias.

TEMA 8.—O Estatuto de Autonomía de Galicia. O Parlamento Galego. A Xunta de Galicia.

TEMA 9.—O Procedemento administrativo común. Principios xerais. Fases.

TEMA 10.—Os Recursos administrativos.

TEMA 11.—Principios de actuación da Administración Pública. Eficacia, Xerarquía, Descentralización e Coordinación.

TEMA 12.—O Réximen Local Español. Principios Constitucionais e regulación xurídica.

TEMA 13.—A Provincia. Organización provincial. Competencias.

TEMA 14.—O Concello. O Término Municipal. A Poboación.

TEMA 15.—Outras Entidade Locais. Mancomunidades. Agrupacións e Entidades Locais Menores.

TEMA 16.—Órganos do Concello: O Alcalde. O Pleno. A Xunta de Goberno Local. Comisións Informativas.

TEMA 17.—Funcionamento dos órganos colexiados: Convocatorias, Orde do día, Actas e Certificacións de acordos.

TEMA 18.—O Padrón Municipal. Xestión e funcionamento.

TEMA 19.—O Rexistro Xeral de documentos. Entrada e saída. Requisitos para a presentación de instancias e outros documentos. Comunicacións, notificacións, arquivo de documentos. Informatización.

TEMA 20.—Ordenanzas e Regulamentos das Entidades Locais. Clases. Procedimentos de elaboración e aprobación.

TEMA 21.—O persoal ó servizo das Corporacións Locais. Organización. Cadro de persoal. Oferta de Emprego. Dereitos e deberes.

TEMA 22.—A Licencia Municipal. Procedementos para o outorgamento de Licencias.

TEMA 23.—Facendas Locais. Ingresos e Gastos. As Ordenanzas Fiscais. O Orzamento.

Valga, 2 de abril de 2004.—O Alcalde, José María Bello Maneiro. 3077

PONTEAREAS

A N U N C I O

Non téndose presentado reclamacións nin alegacións á ordenanza de Tenencia de Animais Perigosos e núcleos zoolóxicos, dita Ordenanza queda elevada a definitiva, co seguinte texto:

ORDENANZA MUNICIPAL SOBRE TENENCIA DE ANIMAIS, ANIMAIS PERIGOSOS E NÚCLEOS ZOOLOXICOS

CAPÍTULO 1 – NORMAS XERAIS

Artigo 01 – Obxeto.

O obxeto deste título é garantir o adecuado control dos animais, previndo as molestias ou perigos que poidan ocasionar ás persoas e bens. Queda regulada nela a tenencia de animais, domésticos ou non, de compañía ou utilizados con fins lucrativos, deportivos ou de recreo, así como os que se atopen en réxime de explotación e consumo. Queda regulada a concesión e renovación das licencias administrativas para a tenencia de calembures animais clasificados como potencialmente perigosos, ós que se refire o Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, polo que se regula a tenencia de Animais Potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a regulación do Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos e a inscrición na Sección local do Rexistro galego de Animais de Compañía e das Taxas pola concesión e renovación das Licencias e Inscricións indicadas.

Artigo 02 – Prohibicións xerais.

1. Queda prohibido, con carácter xeral e respecto a tódolos animais:

- a. Causar a morte, excepto no caso de enfermidade incurable ou necesidade ineludible.
- b. Maltratar ou agredir de calquera modo ós animais, ou sometelos a calquera práctica que lles cause sufrimento ou dano non xustificable.
- c. Abandonalos. Entenderase tamén como abandono situalos en lugares pechados ou desalquilados, solares, vías públicas, xardín, etc., na medida na que non sexan tales lugares debidamente atendidos.
- d. Exercer a venda ambulante de calquera animal de compañía ou outro tipo, fora dos recintos e datas expresamente legalizados e en condicións de legalidade absoluta respecto a cada especie animal segundo a súa regulamentación específica.
- e. Exercer a venda non ambulante de animais sen o cumprimento das condicións xerais sinaladas pola lei.

- f. Utilízalos en espectáculos, pelexas e outras actividades, si elo pode ocasionarlles sufrimentos, ou sometelos a condicións antinaturais.
2. Os axentes da autoridade e cantas persoas poidan presenciar feitos comprendidos nestas prohibicións teñen o deber de denunciar ós infractores.
3. Prohíbese expresamente, de acordo coa lexislación vixente, a tenencia, exhibición, venda, compra o calquera manipulación con exemplares de fauna protexida, sexan vivos ou mortos e respecto tamén a seus restos, ovos ou crías. Os axentes da autoridade terán facultades para a confiscación destes espécimes ou os seus restos.

Artigo 03 – Prohibicións especiais.

1. Queda prohibido o traslado de animais nos medios de transporte público, a excepción dos servizos de taxi, a criterio do conductor, como igualmente a presenza de animais en certos lugares, someténdose as seguintes condicións:
- Queda prohibida a entrada e permanencia de animais en establecementos destinados á fabricación, manipulación, almacenamento, transporte e venda de produtos alimenticios.
 - Queda prohibida a entrada de animais en espectáculos públicos deportivos e culturais, así como en recintos de práctica de deportes ou piscinas.
 - Os donos de establecementos públicos e aloxamentos hostaleiros poderán permitir o seu interese e baixo a súa responsabilidade a entrada de animais nos seus establecementos.
 - O acceso e permanencia dos animais en lugares comunitarios privados ou nas súas dependencias, tales como sociedades culturais, recreativas e similares, zonas de uso común de comunidades de veciños e outras estará suxeito ás normas que rixan nas devanditas entidades.
2. As normas precedentes non se aplicarán ós cans lazarillos.
3. Tódolos animais, cando transiten por vías públicas e zonas verdes, irán provistos da súa placa identificativa e debidamente controlados mediante correa ou o método máis adecuado para cada especie.
4. Os animais considerados no anexo 1 como “potencialmente perigosos” deberán sempre ir controlados, ademais de por correa, mediante buceira. Da mesma maneira, todo animal que fose denunciado pola súa agresividade ou similar deberá circular con buceira e convenientemente suxeito polo seu propietarios ou responsable.

Artigo 04 – Prohibición expresa referente a especies ameazadas.

Prohíbese a caza, captura, tenencia, tráfico, comercio, venda e exhibición pública, segundo co-

rresponda en cada caso, tanto das especies adultas como dos ovos e crías, e de tódalas subespecies e taxons inferiores amenizados, independentemente da súa procedencia, salvo nos casos que regulamentariamente se determinen.

CAPÍTULO 02 –
CONDICIÓN SANITARIAS

Artigo 05 – Inscripción

1. Os posuidores de animais de compañía, en xeral, haberá que inscribilos no Rexistro Municipal de animais domésticos.
2. No momento da inscrición se expedirá polos servizos municipais o certificado de rexistro, no que haberá de consignarse os seguintes datos do animal: identificación, nome, apelidos e dirección do dono ou titular; datas de vacinación e cantos datos sanitarios e persoais poderán ser precisos para un adecuado coñecementos da situación do exemplar.
3. Será obrigatorio que os animais de compañía presenten “chip electrónico” de identificación, certificado por veterinario colexiado e debidamente autorizado.
4. O Concello debe velar en acadar a máxima coordinación con veterinarios e clínicas especializadas.

Artigo 06 – Baixas

As baixas por morte ou desaparición do animal serán comunicadas polos seus titulares ó servizo correspondente, inmediatamente a que as citadas circunstancias se produzan. Os cambios de domicilio ou de propietario do animal se comunicarán o referido servizo no momento da seguinte vacinación.

Producida a morte do animal, queda prohibido o abandono do seu corpo na vía pública ou incorporalo nos servizos municipais de recollida de lixo ordinario, debendo o propietario por o feito en coñecemento dos servizos municipais, quen se farán cargo do mesmo.

Artigo 07 – Curas e tratamentos

1. O posuidor dun animal está obrigado a practicarlle as curas adecuadas que precise e proporcionarlle os tratamentos preventivos de enfermidades e as medidas sanitarias preventivas, no seu caso, que dispoña a autoridade municipal ou ben outros organismos competentes.
2. Os animais afectados de enfermidades zoonóticas e epizoóticas graves serán illados, proporcionándolles o tratamento adecuado se este fose posible. No seu defecto, serán sacrificados por métodos eutanásicos que impliquen o mínimo sufrimento e provoquen unha inmediata perda de conciencia.

CAPÍTULO 03 – REXISTRO MUNICIPAL DE ANIMAIS DE COMPAÑA

Artigo 08 – Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos

1. Os animais de compañía potencialmente perigosos, especialmente os da especie canina, estarán censados a nivel municipal no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos.

2. Créase o rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos, coio tratamento será informatizado, no que se fará constar con carácter obrigatorio de acordo con Decreto 90/2000, de 28 de febreiro, da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. O Rexistro Municipal de Animais de Compañía contará cos seguintes datos:

- a. Código identificador do animal.
- b. Zona de aplicación.
- c. Especie.
- d. Raza. En cruzamento de primeira xeración se especificará as razas de procedencia.
- e. Sexo.
- f. Descrición da capa.
- g. Data de nacemento do animal.
- h. Dirección habitual do animal.
- i. Outros signos identificatorios non definitivos (tatuaxes, número de chapa, etc).
- j. Especificación de se o animal está destinado a convivir con seres humanos ou se teñen finalidades distintas como a garda, defensa ou outra que se indique.
- k. Nome e apelidos do propietario do animal.
- l. Dirección do propietario do animal.
- m. Teléfonos de contacto do propietario do animal.
- n. D.N.I. do propietario do animal.
- o. Nome, dirección, número de Colexiado e número de veterinario colaborados que realiza a marcaxe.
- p. Data na que se realiza a implantación e a entrega do documento ó propietario.
- q. Data de alta no rexistro.
- r. Certificado sanitario, expedido por un veterinario, que acredite con periodicidade anual, a situación sanitaria do animal e a inexistencia de enfermidades ou síntomas que poidan facer potencialmente perigoso, así como unha certificación de que o animal carece de lesións ou cicatrices que puideran estar relacionadas coa utilización do animal en pelexas ou outras actividades prohibidas
- s. Cartilla sanitaria actualizada nos tratamentos preceptivos e preventivos propios da especie e idade. Na cartilla sanitaria figurará a

catalogación de animal potencialmente perigoso.

- t. Copia da licenza municipal de tenencia de animais potencialmente perigosos, a nome do propietario. Acompañarase de copia da póliza que xustifique ter formalizado o seguro de responsabilidade civil.
- u. Datos do centro de adestramento, se fora o caso.
- v. Incidentes de agresión, se fora o caso.

4. O impreso para o correcto rexistro dos animais de compañía se inclúen no anexo 3 da presente ordenanza.

Artigo 09 – Obrigas do posuidor de animais

O posuidor dun animal, se perxuízo da responsabilidade civil subsidiaria do propietario, será responsable dos danos, perxuízos e molestias que ocasione ás persoas, animais, cousas, espazos públicos ou ó medio natural en xeral, de acordo co establecido no artigo 1905 do Código Civil.

Artigo 10 – Inscripción no Rexistro.

1. A inscrición no Rexistro de Animais Potencialmente Perigosos efectuarase de oficio polo Concello trala concesión da Licenza Municipal regulada no artigo 12 da presente Ordenanza.

2. Será, obrigatoria a instancia do interesado, a inscrición no Rexistro Municipal, en sección aberta ó efecto, cando se efectúe o traslado dun animal potencialmente perigoso a este municipio, sexa con carácter permanente ou por período superior a tres meses, debendo proceder á inscrición no prazo máximo de dez días a contar dende o inicio da residencia no municipio.

3. Estimarase que se efectuou un traslado de animal potencialmente perigoso, salvo acreditación expresa en contrario polo interesado, nos casos de cambio de residencia do titular do mesmo en cuio caso será preciso a acreditación da obtención da licenza no municipio de orixe, procedendo á renovación da licenza nos casos previstos na presente Ordenanza.

4. Das inscricións que se efectúen no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos darase traslado ó órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Igualmente nos casos de cambio de residencia dende o municipio sen prexuízo da obriga do interesado de dar conta do traslado do animal, notificarase ó Concello do municipio de nova residencia a titularidade por parte do interesado dun animal potencialmente perigoso.

Artigo 11 – Baixa no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos

1. A baixa no Rexistro efectuarase a instancia do interesado, previa acreditación da venda, traslado ou morte do animal.

2. Procederase á baixa no Rexistro no caso de traslado de residencia do titular do animal a municipio distinto e así quede acreditado xa sexa a instancia do interesado ou de oficio polo Concello.

3. Farase figurar no Rexistro como de titularidade municipal aqueles animais depositados nas súas instalacións como consecuencia de recollida dos mesmos da vía pública ou por perda da licenza do seu anterior titular.

Artigo 12 – Licencia para tenencia de animais potencialmente perigosos

1. A obtención ou renovación da licenza administrativa para a tenencia de animais potencialmente perigosos requirirá do cumprimento polo interesado dos seguintes requisitos:

- a. Ser maior de idade.
- b. Non ter sido condenado por delitos de homicidio, lesións torturas, contra a liberdade ou contra a integridade moral, liberdade sexual e a saúde pública, asociación con banda armada ou de narcotráfico, así como non estar privado por resolución xudicial do dereito á tenencia de animais potencialmente perigosos.
- c. Non ter sido sancionado por infraccións graves ou moi graves con algunha das sancións previstas na presente ordenanza.
- d. Dispor de capacidade física e aptitude psicolóxica para a tenencia de animais potencialmente perigosos.
- e. Acreditación de haber formalizado un seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros cunha cobertura non inferior a 120.000 €.

2. A licenza administrativa será outorgada ou renovada a petición do interesado polo órgano municipal competente, conforme ó disposto na presente ordenanza unha vez verificado o cumprimento do artigo anterior.

3. A licenza terá un período de validez de cinco anos podendo renovarse por períodos sucesivos de igual duración. Sen embargo, a licenza perderá a súa vixencia no momento no que o seu titular deixe de cumprir calquera dos requisitos establecidos no apartado anterior. Calquera variación dos datos que figuran na licenza será comunicada polo seu titular no prazo de quince días, contados a partir da data na que se produza ó órgano municipal ó que corresponda a súa expedición.

4. A intervención, medida cautelar ou suspensión que afecte á licenza administrativa en vigor,

acordada en vía xudicial ou administrativa, serán causa para denegar a expedición de outra nova ou a súa renovación ata que aquelas fosen levantadas.

Artigo 13 – Certificado de Capacidade Física

1. Non poderán ser titulares de animais potencialmente perigosos ás persoas que carezan das condicións físicas precisas para proporcionar os cuidados necesarios ó animal e garantir o seu adecuado manexo, mantemento e dominio.

2. A capacidade física á que se refire o apartado anterior acreditarase mediante o certificado de capacidade física para a tenencia de animais perigosos, que se expedirá unha vez superadas as probas necesarias para comprobar que non existe enfermidade ou deficiencia algunha de carácter orgánico ou funcional, que poida supoñer incapacidade física asociada con:

- a. A capacidade visual.
- b. A capacidade auditiva.
- c. O sistema locomotor.
- d. O sistema neurolóxico. Dificultades perceptivo – motoras de toma de decisións.
- e. Calquera outra afección, trastorno ou problema non comprendidos nos párrafos anteriores que poidan supoñer unha incapacidade física para garantir o adecuado dominio do animal.

Artigo 14 – Certificado de Aptitude Psicolóxica.

O certificado de aptitude psicolóxica para a tenencia de animais potencialmente perigosos se expedirá unha vez superadas as probas necesarias para comprobar que non existe enfermidade ou deficiencia algunha que poida supoñer incapacidade psíquica ou psicolóxica, ou calquera outra limitativa do discernimento asociada con:

- * Trastornos mentais e de conducta
- * Dificultades psíquicas de avaliación, percepción e toma de decisións e problemas de personalidade.
- * Calquera outra afectación, trastorno ou problema non comprendidos nos parágrafos anteriores que limiten o pleno exercicio das facultades mentais precisas para a tenencia de animais potencialmente perigosos.

Artigo 15 – Centros de recoñecemento.

1. Os centros de recoñecemento debidamente autorizados, de acordo co disposto no R.D. 2271/1985, de 4 de decembro, polo que se determinan as aptitudes psicofísicas que deben posuír os condutores de vehículos e polo que se regulan os centros de recoñecemento destinados a verificalas, e disposicións complementarias, realizarán as exploracións e probas a que se refiren os artigos anteriores,

concretando os seus resultados nun expediente clínico básico que deberá conservarse no centro respectivo e estar firmado polos facultativos intervinientes, á vista do cal o director do centro emitirá os certificados de capacidade física e de aptitude psicolóxica, que levará adherida unha fotografía recente do interesado, e no que constará as observacións que procedan, e a indicación da capacidade e aptitude requirida, no seu caso.

2. O custe dos recoñecementos e da expedición dos certificados a que se refire o presente artigo correrá a cargo dos interesados.

Artigo 16 – Vixencia dos informes de capacidade física e de aptitude psicolóxica.

Os certificados de capacidade e aptitude na presente ordenanza terán un prazo de vixencia a efectos de eficacia procedementa dun ano dende a data da súa expedición, durante a cal poderán ser utilizados, mediante duplicado, copia compulsada ou certificación en calquera procedemento administrativo que se inicie ó longo do prazo indicado.

Artigo 17 – Medidas de seguridade.

1. A presenza de animais potencialmente perigosos en lugares ou espazos públicos esixirá que a persoa que os conduza e controle leve consigo a licenza administrativa a que se refire o Artigo 11 da presente ordenanza, así como certificación acreditativa da inscrición do animal no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos.

2. Os animais da especie canina potencialmente perigosos en lugares e espazos públicos levarán obrigatoriamente buceira apropiada para a tipoloxía racial de cada animal.

3. Igualmente, os cans potencialmente perigosos, en lugares e espazos públicos, serán conducidos e controlados con cadea ou correa non extensible de menos de 2 metros, sen que poida levarse a máis de un can deste tipo por persoa.

4. Os animais potencialmente perigosos que se atopen nunha finca, casa de campo, chalé, parcela, terraza, patio ou calquera outro lugar delimitado, disporán de habitáculo coa superficie, altura e adecuado peche para protexer ás persoas ou animais que accedan ou se acerquen a estes lugares.

5. Os criadores, adestradores e comerciantes de animais potencialmente perigosos disporán de instalacións e medios adecuados para a súa tenencia.

6. A sustentación ou perda do animal será comunicada polo seu titular ó responsable do Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos no prazo máximo de 48 horas dende que teña coñecemento dos feitos.

CAPÍTULO 04 –
AGRESIÓNS A PERSOAS

Artigo 18 – Agresión

As persoas agredidas por animais darán inmediata conta do feito ás autoridades sanitarias. O propietario ou posuidor do animal agresor presentaráse ó servizo municipal aportando a cartilla sanitaria e cantos datos poidan servir de axuda á persoa lesionada ou ós seus representantes e ás autoridades sanitarias que o soliciten.

Artigo 19 – Control do animal

1. O animal agresor trasladarase á dependencia que sinale o servizo municipal, someténdoo ó seu control durante catorce días. Previo informe favorable, estando o animal documentado, este período de observación podería desenvolverse no domicilio habitual do animal baixo a custodia do seu propietario.

2. Cando a agresividade do animal sexa probada de maneira evidente, se retirará polos servizos correspondentes previo informe do veterinario municipal, quen determinará o destino do animal.

3. Os gastos ocasionados ó Concello pola retención e control de animais agresores satisfaranse polos propietarios dos mesmos.

CAPÍTULO 05 – ABANDONOS

Artigo 20 – Consideración de abandono.

Considerarase abandonado a un animal se non ten dono coñecido, domicilio, que non esté censado, que non leve identificación nin se atopa acompañado por persoa algunha. En dito suposto, o Concello poderá facerse cargo do animal e o retendrá ata que sexa recuperado, cedido ou sacrificado.

Artigo 21 – Gastos e prazo.

Unha vez recollido un animal polos servizos municipais, os gastos de manutención e recollida correrán a cargo do propietario ou posuidor do animal, independentemente das sancións procedentes. O prazo para recuperar ó animal será de sete días, transcorridos os cales poderá ser cedido polo Concello para adopción ou sacrificio.

CAPÍTULO 06 – ESTABLECEMENTOS
DE CRÍA, GARDA E VENDA DE ANIMAIS

Artigo 22 – Licencia

Someteranse a licenza municipal, sen perxucio das autorizacións e requisitos da lexislación vixente, tramitada ó abeiro do Decreto 2414/1961, de 30 de decembro (RAMINP) as seguintes actividades:

1. Centros para animais de compañía:
 - a. Lugares de cría, para reprodución e suministro de animais a terceiros

- b. Residencias ou establecementos destinados a aloxamentos temporais
 - c. Canceiras ou establecementos destinados a gardar cans
 - d. Clínicas veterinarias, con ou sen aloxamento de animais
2. Centros diversos:
- a. Paxareiras para a reprodución ou abastecemento de pequenos animais, principalmente aves con destino a domicilios
 - b. Coidadores, suministradores ou vendedores de animais de acuario
3. Centros onde se reúnan por calquera razón animais de experimentación:
- a. Instalacións de cría de animais detiñados ó aproveitamento das súas peles

Artigo 23 – Emprazamento, construcións, instalacións e equipos

1. O emprazamento será designado conforme coa lexislación vixente.
2. As construcións, instalacións e equipos serán as adecuadas para garantir un ambiente hixiénico e facilitar as accións zoonosanitarias adecuadas.
3. Dotaranse de auga corrente suficiente para a súa adecuada limpeza, así como para o abastecemento de auga potable ós animais.
4. Disporán dos medios para a limpeza e desinfección dos locais, materiais e utensilios que poidan estar en contacto cos animais e, nos eu caso, dos vehículos utilizados para o seu transporte.
5. Realizaranse desinfeccións, desinsectacións e desratizacións periódicas con produtos autorizados a tal fin.
6. Disporán dos medios necesarios para que a eliminación de excrementos e augas residuais se realice de maneira que non comporte, a xuízo dos servizos municipais, risco para a saúde pública nin perigo de contaminación do medio.
7. Disporán dos medios necesarios para eliminar hixienicamente cadáveres de animais e materias contumaces ou entregarán estes residuos ó xestor correspondente en condicións que garantan a salubridade e hixiene precisas.
8. As instalacións, en xeral, permitirán unhas condicións de vida adecuadas para animais, de acordo coa natureza dos mesmos.
9. Disporán dunha zona illada para o asentamento e observación de animais de recente entrada, ou animais enfermos ou sospeitosos de enfermidade.

Artigo 24 – Alimentos

Os alimentos subministrados ós animais cumprirán có que a a lexislación vixente determina para este tipo de produtos.

Artigo 25 – Salas de espera

Os establecementos de tratamento, cura e aloxamento de animais disporán obrigatoriamente de salas de espera coa finalidade de que estes non permanezan na vía pública, escaleiras e outros sitios, antes de entrar nos mesmos.

Artigo 26 – Establecementos dedicados á venda de animais

1. Os establecementos dedicados á venda de animais, así como criadeiros, garderías e suministradores de animais de experimentación, terán que levar un libro de rexistro de entradas e saídas debidamente detallado, libro que estará a disposición da autoridade municipal que o requira. En este libro conservaranse os datos de cinco anos.

2. Contará cun servizo veterinario dependente do establecemento que outorgue certificados de saúde para a venda de animais.

3. Os animais venderanse desparasitados e libres de enfermidades.

Artigo 27 – Documentación necesaria para a venda de animais

O vendedor dun animal vivo entregará ó comprador o documento acreditativo que consigne a raza do animal, idade, procedencia, vacinacións realizadas e outras características de interese.

CAPÍTULO 07 –
ESPECIES NON AUTÓCTONAS

Artigo 28 – Documentación esixible

Os provedores e propietarios de animais pertencentes a especies non autóctonas de comercio permitido polos tratados e convenios vixentes posuirán obrigatoriamente a seguinte documentación que acredite a súa legal importación:

1. Certificado sanitario de orixe.
2. Permiso de importación.
3. Autorización zoonosanitaria de entrada en España.
4. Certificado de corentena ou de recoñecemento sanitario na aduana.

Artigo 29 – Certificados de orixe

A venda en establecementos comerciais, a tenencia e a exhibición de animais da fauna non autóctona que proveñan de instalacións de cría en cativeiro con fins comerciais e debidamente legalizados, posuirán por cada animal o certificado

acreditativo de orixe, ademais da documentación específica mencionada no artigo anterior.

CAPÍTULO 08 – INSTALACIONES AVÍCOLAS, HÍPICAS E GANDEIRAS

Artigo 30 – Instalacións comprendidas

Quedan comprendidas as instalacións seguintes:

1. Explotacións industriais e domésticas
2. Establecementos hípicas, sexan ou non de temporada, con instalacións fixas ou non, que garden cabalos para a práctica da equitación con fins deportivos, recreativos ou turísticos

Estas instalacións cumprirán có recollido nos artigos do presente título.

Artigo 31 – Licencia

As actividades sinaladas no artigo anterior están suxeitas á obtención previa de licenza municipal, sen perxuízo de todas aquelas autorizacións e requisitos que, no seu caso, determine a lexislación vixente.

Artigo 32 – Obrigas

Os titulares destas explotacións terán as seguintes obrigas:

1. Estar incluídas no censo gandeiro e ter documentación acreditativa
2. Farán nunha revisión semestral de dita documentación no servizo municipal correspondente, para por ó día as altas e baixas producidas.
3. Realizarán as vacinacións que se determinen obrigatorias e estarán en posesión do documento que acredite o seu cumprimento.
4. Notificarán ós servizos municipais competentes por escrito e coa maior brevidade posible a existencia de calquera enfermidade infectocontaxiosa na explotación.
5. Retirarase diariamente o esterco, dispoñendo de recipientes estancos onde se depositarán almacenados ata a súa definitiva eliminación nas debidas condicións hixiénico-sanitarias.

Artigo 33 – Transporte de animais

O transporte de animais será realizado con vehículos debidamente acondicionados para este fin, estando obrigados a presentar, se se lles solicitase, a documentación que acredite a procedencia, estado sanitario e demais circunstancias, dos animais que transporten, cumprindo en todo caso co regulado na lexislación vixente.

Artigo 34 – Entrada en matadoiros

1. Para a entrada no matadoiro será requisito imprescindible presentar a documentación que ampara o tránsito de animais, tanto se proceden de

fora do municipio como se son do termo municipal, no que constará, entre outros detalles: nome do gandeiro, dirección da explotación, vacinacións e data das mesmas, así como tratamentos farmacolóxicos seguidos.

2. Ós matadoiros só terán acceso aquelas persoas que traballen no mesmo.

CAPÍTULO 09 – INSTALACIONES ZOOLOXICAS

Artigo 35 – Definición de zoolóxico

Considerarase instalación zoolóxica toda aquela que albergue coleccións zoolóxicas de animais de fauna silvestre con finalidade científica, cultural, de reprodución, recuperación, adaptación, conservación ou recreativa, sexan abertas ou pechadas ó público, así como as agrupacións itinerantes.

Artigo 36 – Tipos de zoolóxicos

As instalacións zoolóxicas están comprendidas nalgún dos seguintes grupos:

1. Zoolóxicos abertos ó público. Neste grupo se comprenden os zoosafaris, os parques e xardíns zoolóxicos, as reservas zoolóxicas e aviarios, delfinarios ou outras agrupacións de animais salvaxes que poidan ser visitadas polo público en xeral a cambio dun prezo ou adquisición de entrada.
2. Instalación zoolóxicas non abertas ó público. Neste grupo se comprenden aquelas instalacións cuxo acceso pode non ser permitido ou estar sometido á autorización expresa do propietario ou xestor do centro, tales como centros de rescate ou acollida, de cría en catividade, as coleccións privadas.
3. Agrupacións itinerantes. Están comprendidas neste grupo as coleccións zoolóxicas que, de modo non permanente, se instalen no termino municipal, tales como circos ou coleccións itinerantes en xeral.

Artigo 37 – Licencia

Tódalas instalacións zoolóxicas ás que se refire o artigo anterior contarán para o exercicio da súa actividade coa oportuna licenza de funcionamento o abeiro do Decreto 241471961, de 30 de novembro (RAMINP), e estar inscritas no Rexistro de Instalacións Zoolóxicas correspondente.

Artigo 38 – Medidas de seguridade

Serán de obrigado cumprimento para tódalas instalacións zoolóxicas as seguintes condicións de seguridade:

1. As instalacións que contén con dotación de armas anestésicas para o control dos animais, deberán cumprir no seu almacenamento e mantemento coas prescricións xerais para armas de fogo. Serán exclusivamente manexadas por persoal espe-

cialmente capacitado para illo baixo a responsabilidade da dirección do centro.

2. En caso de fuga dalgún espécimen animal que, polas súas características, poda en liberdade implicar un risco para a seguridade das persoas, os responsables do centro zoolóxico adoptarán de inmediato as seguintes medidas:

- a. O público presente na instalación, si o houbese, será advertido da situación e seguirá as directrices que indique a dirección do centro.
- b. Os responsables do centro advertirán da fuga, inmediatamente de producirse, ás forzas de seguridade e ós servicios locais de protección civil, poñendo a disposición destes tódolos medios persoais necesarios para controlar a situación.
- c. Tras un incidente desta natureza se elaborará un informe sobre os feitos que o provocaron e se adoptarán as medidas precisas para evitar a súa repetición.

3. No interior do recinto e en lugares visibles figurarán, expresadas con claridade as condicións a que debe someterse a conducta ó público asistente, de cara tanto a mantemento dos requisitos de seguridade máximos posibles como á necesaria tranquilidade e benestar para os animais.

4. As instalacións haberán de contar coas medidas de seguridade necesarias para evitar agresións e danos entre as propias especies animais, e de estas ó público e ós cuidadores. Tales medidas consistirán nas barreiras arquitectónicas precisas e a adecuación das instalacións. O persoal ó cuidado dos animais deberá posuír formación suficiente para o desempeño da súa función en condicións adecuadas de atención e seguridade.

5. Como medida de seguridade para as persoas, e en horario coincidente co de afluencia de visitantes, as instalacións contarán con persoal sanitario cualificado e con enfermerías suficientemente dotadas para atender posibles incidencias.

Artigo 39 – Marco de exercicio da actividade

Tódalas instalacións zoolóxicas incluídas as que desenrolan propósitos comerciais, exercerán as súas actividades no marco do respecto á conservación das especies animais e o cuidado dos seus espécimes, de acordo coas características das mesmas.

CAPÍTULO 10 – VETERINARIOS

Artigo 40 – Partes veterinarios

1. Os profesionais veterinarios que realicen as vacinacións que se determinen obrigatorias dentro do municipio deberán comunicalo ó Concello mediante partes mensuais onde consten os datos necesarios para a avaliación correcta das campañas de vacinación.

2. Os profesionais veterinarios dos matadoiros situados no municipio deberán presentar parte mensual ó Concello onde se recollan o numero de animais sacrificados, especie, comisos realizados, número e causa, e procedencia dos animais.

Artigo 41 – Enfermidades de declaración obrigatoria

Os profesionais veterinarios que, no exercicio da súa profesión, detecten no termo municipal calquera enfermidade de declaración obrigatoria, deberán comunicalo coa maior brevidade posible ó servicio municipal correspondente do Concello.

Artigo 42 – Sociedades protectoras de animais e plantas

1. Poderán se exceptuadas de certas prescricións do presente capítulo as sociedades protectoras de animais e plantas integradas nas condicións do R.D. de 11 de abril de 1928 e como tales declaradas de utilidade pública.

2. Estas sociedades están eximidas de calquera pago ou taxa ou arbitrios municipais que lles afectasen no exercicio das súas tarefas e funcións.

CAPÍTULO 11 – RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 43 – Tipificación de infraccións

1. Serán sancións leves:

- a. A posesión incompleta dos libros de rexistro ou a ausencia dos mesmos dalgún dos datos requiridos no relativo a instalacións.
- b. A venda, donativo ou calquera transacción de espécimes animais non rexistrada, sempre que non pertenzan a fauna autóctona catalogada.
- c. Mantemento de animais en condicións non idóneas dende o punto de vista etolóxico.
- d. Traslado de animais e a súa estancia en lugares públicos.
- e. A non inscrición de animais de compañía nos censos municipais ou a carencia de cartilla sanitaria en caso de que, examinado o animal, esté en boas condicións sanitarias.

2. Serán infraccións graves:

- a. A ausencia no centro do persoal sanitario e veterinario, con cualificación suficiente.
- b. Manter plans, proxectos ou instalacións que non se axusten ás condicións expresadas na licencia.
- c. A ausencia de libros de rexistro debidamente cumprimentados.
- d. A prestación de servicios por parte de persoal non cualificado.

- e. Maltratar ou agredir ós animais ou sometelos a calquera práctica que lles cause sufrimento ou dano non xustificadado.
 - f. Exercer a súa venda ambulante
 - g. A exhibición, venda, compra ou calquera manipulación en especies de fauna protexida.
 - h. A carencia de cartilla sanitaria dun animal doméstico respecto ó seu dono, se este houbera causado algunha agresión leve ou se o exame veterinario se desprendese que padece algunha afección.
3. Serán infraccións moi graves:
- a. O mantemento de animais en condicións tales que danen as súas condicións de saúde ou a súa conducta normal.
 - b. A venda, donativo ou calquera transacción de espécimes a título oneroso ou lucrativo, se pertencen a especies de fauna autóctona catalogada.
 - c. A ausencia da documentación, en caso de posesión de especies non autóctonas.
 - d. A desviación do proxecto orixinal das condicións a que segundo a licencia debiere haberse sometido.
 - e. Causar a morte dun animal.
 - f. O abandono de animais e utilizar animais en espectáculos ou pelexas.

Artigo 44 – Cuantificación das sancións

1. As multas que a autoridade administrativa aplique por infracción a esta Ordenanza poderán exceder a contía prevista na Lei de Réxime Local e as súas actuacións ou, no seu caso, as cantidades e medidas sinaladas nas normas aplicables de rango superior, previa instrucción da imposición da sanción.

2. O Alcalde, a través dos servicios municipais, será competente para impoñer sancións, previa instrucción da imposición do oportuno expediente sancionador.

3. Cando para a protección dos distintos aspectos contemplados nesta Ordenanza concorran outras normas de rango superior, as infraccións serán sancionadas con amaño ás maiores contías e severas medidas establecidas.

4. Para graduar a contía de cada infracción valoraranarranxose as seguintes circunstancias:

- a. Grado de intencionalidade.
- b. A natureza da infracción.
- c. A capacidade económica do titular da actividade.
- d. A gravidade do dano producido.
- e. Grado de malicia, participación e beneficio obtido.
- f. A irreversibilidade do dano producido.

- g. A categoría do recurso afectado.
- h. Os factores atenuantes ou agravantes.
- i. A reincidencia.

5. Considerarase reincidente a quen houbera sido sancionado anteriormente unha ou máis veces polo mesmo concepto nos doce meses precedentes. Estas infraccións administrativas serán sancionadas con arreglo ó seguinte:

- a. FALTAS LEVES:
 - 1. Multa de ata 601,01 €.
- b. FALTAS GRAVES:
 - 1. Multa de 601,02 € a 1502,53 €.
 - 2. Retirada da licencia por un período de seis meses.
 - 3. Peche do establecemento, actividade ou suspensión total ou parcial da actividade por un período non superior a dezaioito meses
- c. FALTAS MOI GRAVES:
 - 1. Multa de 1.502,54 € a 6.010,12 €.
 - 2. Retirada da licencia por un período de doce meses.
 - 3. Peche do establecemento, actividade ou instalación, ou suspensión da actividade total ou parcial por un período non superior a dous anos.
 - 4. Clausura definitiva, total ou parcial do establecemento, actividade ou instalación.

A N E X O I

Akita Inu
 American Staffordshire Terrier
 Bullmastif
 Dobermann
 Dogo Argentino
 Dogo de Burdeos
 Dogo do Tíbet
 Fila Brasileiro
 Mastín Napolitano
 Pit Bull Terrier
 Presa Canario
 Presa Mallorquino (Ca de Bou)
 Rottweiler
 Staffordshire Bull Terrier
 Tosa Brasileiro
 Tosa Inu

A N E X O I I

Os cans afectados pola presente disposición teñen tódalas ou a maior parte das seguintes características:

